

A PÉ POLO CHÁ DE BRIÓN



■ Benvidos ao itinerario interpretado do Chá de Brión, lugar emblemático de Ferrol pola súa historia e as súas paisaxes, pero descoñecido aínda para moitos... A través do camiño descubrirás porque este recuncho reúne tantas virtudes en tan pouco espazo: enterramentos megalíticos, desembarcos ingleses e antigas batallas, cantos de serea en forma de belas panorámicas sobre o bravo atlántico....

■ Busca unha mámoa, xoga a ingleses e ferroláns, adiviña o nome das montañas!

Anda pola túa terra e a túa historia e volve máis lixeiro de peso pero coa túa mochila máis chea.



Distancia: **4.3 Km**
 Ascenso acumulado: **113 m**
 Altura máxima: **245 m**
 Pendente media de subida: **9,2%**
 Pendente máxima de subida: **19%**
 Tempo estimado a pé: **1.30 h**
 Tempo estimado en bicicleta: **40 min**



Ten algunhas das máis belas panorámicas sobre o Golfo Ártabro e a Praia de Doniños, pertencendo ambas paraxes ao LIC e ZEPA Costa Ártabra, enclaves protexidos pola UE

É un dos enterramentos megalíticos máis numerosos do noroeste peninsular con máis de 30 mámoas.

É o escenario do único acto bélico da estratéxica cidade de Ferrol: a Batalla de Brión librada contra os ingleses tralo seu desembarco en Doniños en agosto do 1800.

Conta con varias zonas húmidas propias de ecosistemas de turbeiras



A PÉ POLO CHÁ DE BRIÓN

A ruta ten dúas variantes, unha máis longa comezando dende abaixo, na pequena explanada onde atopamos o Panel de Inicio da Ruta, e unha máis curta, empezándoa dende o Miradoiro do Golfo Ártabro, despois de percorrer en coche o primeiro tramo da pista (non recomendada se teñen moito agarimo ao seu coche!).

A ruta comeza subindo pola pista forestal dende a paraxe coñecida como O Conturco, preto do acceso ao Porto Exterior do Cabo Prioriño.

Iniciamos o ascenso entre un frondoso bosque de eucaliptos, que nos deixa entrever as vistas sobre o Golfo Ártabro e que supón unha antesala das panorámicas que se abrirán aos nosos pés en canto cheguemos ao Miradoiro do Golfo Ártabro. Unha mesa panorámica axudaranos a interpretar a paisaxe, e de novo un panel da ruta cun mapa amosaranos o camiño e o que tenemos ao noso arredor. Seguimos inequivocamente o camiño gañando altura ata chegar a dominar o Chá de Brión, deixando atrás o desvío do Espiño. Proseguimos o camiño ata chegar ao Panel

Interpretativo dos Túmulos Funerarios Neolíticos ou Mámoas, dos que nos atopamos rodeados, e que nos explica quen eran os nosos antepasados, como vivían e como soterraban os seus defuntos.

Continuamos o camiño ata atoparnos co desvío a Liñares e os Montes do Chá de Brión, que deixamos á nosa man dereita para centrarnos no Panel da Batalla de Brión, con texto de Rodrigo R. Ardá, que nos explica o desembarco inglés e a oposición que atoparon por parte dos valentes ferroláns.

Continuando o sendeiro, uns metros máis adiante contemplamos na súa grandeza a fermosa praia de Doniños, coa lagoa do mesmo nome, flanqueada polo Monte Ventoso e Lobadiz, e as Illas Gabeiras; neste punto do camiño atopamos unha mesa panorámica que nos axudará a identificar o que estamos a ver.

O itinerario interpretado remata aquí, agora voltamos sobre os nosos pasos e percorremos o mesmo sendeiro de volta, podendo gozar das vistas que antes quedaron agochadas ás nosas costas.

A PIE POR EL CHÁ DE BRIÓN

La ruta tiene dos variantes, una más larga empezando desde abajo, en la pequeña explanada donde encontramos el Panel de Inicio de la Ruta, y una más corta, empezándola desde el Mirador del Golfo Ártabro, después de recorrer en coche el primer tramo de la pista (no recomendado si le tienen mucho cariño a su coche!).

La ruta comienza subiendo por la pista forestal desde el paraje conocido como O Conturco, cerca del acceso al Puerto Exterior del Cabo Prioriño.

Iniciamos el ascenso entre un frondoso bosque de eucaliptos, que nos deja entrever las vistas sobre el Golfo Ártabro y que supone una antesala de las panorámicas que se abrirán a nuestros pies en cuanto lleguemos al Mirador del Golfo Ártabro. Una mesa panorámica nos ayudará a interpretar el paisaje, y de nuevo un panel de la ruta con un mapa nos mostrará el camino y lo que tenemos a nuestro alrededor.

Seguimos inequivocamente el camino, ganando altura hasta llegar a dominar el Chá de Brión, dejando atrás el desvío de O Espiño.

Proseguimos el camino hasta llegar al Panel Interpretativo de los Túmulos Funerarios Neolíticos o Mámoas, de los que estamos rodeados, y que nos explica quienes eran nuestros antepasados, cómo vivían y cómo enterraban a sus difuntos.

Continuamos el camino hasta encontramos con el desvío a Liñares y a los Montes del Chá de Brión, que dejaremos a mano derecha para centrarnos en el Panel de la Batalla de Brión, con texto de Rodrigo Ardá, que nos explica el desembarco inglés y la oposición con la que se encontraron por parte de los valientes ferrolanos.

Continuando el sendero, unos metros más adelante, contemplamos en toda su grandeza la hermosa playa de Doniños, con el lago del mismo nombre, flanqueada por el Monte Ventoso y Lobadiz, y las Islas Gabeiras; en este punto del camino encontramos una mesa panorámica que nos ayudará a identificar lo que estamos viendo.

El itinerario interpretado acaba aquí, ahora volvemos sobre nuestros pasos y recorreremos el mismo sendero de vuelta, pudiendo disfrutar de las vistas que antes quedaban escondidas a nuestras espaldas.

Boas prácticas

- Escolta os sons da natureza. Fala baixo e goza deste espazo utilizando todos os sentidos.
- Evita camiñar fóra dos camiños sinalizados.
- Leva un ritmo suave e unha respiración acompañada.
- Deposita o lixo nas papeleras.
- Non atalles nas curvas para non degradar o terreo.
- Se hai fontes pendentes, percórreas en zig-zag.
- Non corras e non abandones o grupo.
- Bebe cando o precisas, pero non te encharques.
- Non prendas lume.
- Respecta as plantas e animais.
- Respecta o mobiliario.
- Non arrinques flores e plantas.

Buenas prácticas

- Escucha los sonidos de la naturaleza. Habla bajo y disfruta de este espacio utilizando todos los sentidos.
- Evita caminar fuera de los caminos señalizados.
- Lleva un ritmo suave y una respiración acompañada.
- Deposita la basura en las papeleras.
- No atajes en las curvas para no degradar el terreno.
- Si hay fuentes pendientes, recórrelas en zig-zag.
- No corras y no abandones el grupo.
- Bebe cuando lo necesites, pero no te encharques.
- No hagas fuego.
- Respeta las plantas y los animales.
- Respeta el mobiliario.
- No arranques flores y plantas.